

TEMA 1. A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA.
CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS



CONTEXTO HISTÓRICO E CULTURAL

inicio século XX → carencia de organizacións galeguistas → estancamento cultural/ literario

Irmandades da Fala (1916) → **recuperación e dignificación do galego** (obxectivo fundamental)


- A primeira Irmandade (Coruña, 1916) **Antón Vilar Ponte** e intelectuais galeguistas
- irmandades nas distintas vilas e cidades
- movemento político → retoman ideario galeguista **provincialista**
 - primeiros en definir Galicia como **nación** (territorio, lingua, historia, institucións e cultura de seu)
 - necesidade dunha autonomía integral para Galicia dentro dunha federación peninsular
 - cooficialidade de galego e castelán
 - autonomía económica con réxime tributario propio
 - recoñecemento xurídico da parroquia
 - igualdade de dereitos entre home e muller

- primeira Asemblea Nacionalista (Lugo, 1918)
- **Vicente Risco (1920): *Teoría do nacionalismo galego***
- A partir de 1922 o seu labor céntrase fundamentalmente no labor cultural.
- cultura → iniciativas base da cultura moderna galega
 - fundan editoriais (Lar, Céltiga, Nós...)
 - publicacións periódicas en galego
 - semanario ***A Nosa Terra*** → órgano habitual de expresión
 - revista mensual de cultura ***Nós***
 - modernizan e impulsan o teatro
 - Conservatorio Nacional da Arte Galega
 - creación de compañías e formación de actores e directores
 - **Seminario de Estudos Galegos (1923)**
 - estudo científico de Galicia
 - creación do ensaio galego e en galego.

- dignificación e recuperación do galego **principal sinal de identidade colectiva**
 - reivindicación da **cooficialidade**
 - introdución no ensino e na liturxia
 - elaboración gramáticas e dicionarios
 - utilización en **ámbitos** nos que estaba **excluído**: política, comercio, conferencias, publicacións científicas, radio...

autores de **Entre Dous Séculos** → revulsivo na poesía galega

- colaboradores do galeguismo e o agrarismo → temática recorrente
 - defensa e afirmación de Galicia (rexionalismo e nacionalismo)
 - reivindicacións labregas (loita pola propiedade da terra, contra os foros e o caciquismo)



A POESÍA DAS IRMANDADES DA FALA

continuísmo co **Rexurdimento**

- o realismo de Rosalía e Curros
- o formalismo celtista de Pondal (menos)

1. poesía tradicional

- o **paisaxismo e costumismo rural** (+reivindicacións do movemento agrarista)
 - o Xosé Crecente Vega → *Codeseira* (1933)
 - o Victoriano Taibo → *Abrente*
 - o Xerardo Álvarez Limeses → *Antre dous séculos*

2. poesía anovadora

- o renovación tendencias + novas estéticas (modernismo)
- o **Noriega Varela**
- o **Cabanillas**

Antonio Noriega Varela (1869 - 1947)

- 0 estudos Seminario: coñecemento dos clásicos
- 0 mestre en diversos lugares de Galicia
 - o contacto intelectuais e escritores galegos
- 0 vencellouse ao movemento agrario (poemas)
- 0 [Montañesas](#) (1904), terceira edición → [Do ermo](#) (1920-1946, sucesivas edicións aumentadas)
- 0 temáticas principais: motivo central → **paisaxe da montaña de Lugo**, dominada polo ermo
 - o costumismo ruralista: paisaxes, costumes e circunstancias labregos → primeiros poemas
 - o poemas breves escritos co falar popular dos labregos
 - o métrica **popular** e tradicional



para saberdes máis,
visitade a Enciclopedia
[Historia da Literatura Galega](#) da ASPG

- Lirismo da natureza: aspectos máis humildes da paisaxe
 - paisaxe → protagonismo pleno
 - presenza humana → soidade do poeta coa natureza
 - actitude franciscanista: **formas máis humildes** da paisaxe
 - tenrura do poeta
 - simbolizan as virtudes cristiás: humildade, pobreza e piedade
 - exemplo de San Francisco de Asís (manifestación da súa profunda relixiosidade).
 - **linguaxe e métrica cultas** (sonetos)
 - influencia saudosista de Teixeira de Pascoaes)
 - lectura dos poetas modernistas
 - maior coidado da forma
 - musicalidade do verso
 - actitude esteticista e culturalista
 - linguaxe culta, tomada moitas veces do portugués.

Ramón Cabanillas (1876 - 1959)

- o estudos no Seminario Menor de Santiago: lectura dos clásicos
- o 1910 emigra á Habana → contacto intelectualidade galeguista
 - o publicación 2 primeiros libros: ideario agrarista e galeguista
 - o *No desterro* (1913)
 - o *Vento mareiro* (1915)
- o regreso a Galicia → participa iniciativas políticas e culturais : Irmandades, Grupo Nós, SEG
- o 1920 ingreso RAG / 1929 na RAE (representante da literatura galega)
- o Vincúlase ao nacionalismo e a Acción Gallega
 - o «Poeta da Raza»: movemento agrarista e poemas de ton anticaciquil



para saberdes máis,
visitade a Enciclopedia
[Historia da Literatura Galega](#) da ASPG

poesía

- o poeta do agrarismo e do galeguismo
- o tradición e renovación
 - o poesía **combativa** e comprometida de Curros e da mesma Rosalía
 - o celtismo de Pondal
 - o modelos estéticos renovadores, sobre todo co modernismo
 - o poema simbólico e mítico *Na noite estrelecida*
- o outras influencias
 - o simbolismo francés (Baudelaire, Rimbaud, Verlaine)
 - o saudosismo portugués
 - o posromanticismo Tennyson (fins séc XIX)
 - o recreara as lendas artúricas.



a) POESÍA LÍRICA

o poemarios líricos máis representativos:

- o etapa pregaleguista
 - o *No desterro* (1913),
 - o *Vento mareiro* (1915)
- o etapa galeguista → ***Da terra asoballada*** (1917)

o tres grandes liñas temáticas:

- Poemas cívicos → carácter social e combativo

o *No desterro* e *Vento mareiro*

- o ideoloxía do agrarismo: crítica do foro, o poder centralista e o caciquil, a inxustiza e a vida de miseria do campesiñado
- o na liña de Curros (sen o seu anticlericalismo)

o ***Da terra asoballada*** (1917)

- o ideas do discurso nacionalista das Irmandades
- o pretensión de aproximar o pobo ao galeguismo.

- **Poemas intimistas** → liña rosaliana

- o sobre a vida, o amor e a natureza (menos profundezas ca Rosalía)
- o ***A rosa de cen follas (1927)*** temática amorosa e intimista
 - o homenaxe a Rosalía recollendo un verso seu para o título.

- **Poemas costumistas**

- o renova o vello costumismo ruralista de fins do século con trazos modernistas
 - o na forma: musicalidade do verso, mundos exóticos, colorismo e beleza
 - o no tratamento temático: descrición do mundo rural humorística e certa autocrítica.

Outros poemarios líricos:

- o Da *miña zanfona* (1954) en ton coloquial e prosaico.
- o *Versos de alleas terras e tempos idos* (1955) traducións e paráfrases de diversos autores clásicos e modernos.

b) POESÍA NARRATIVA (~Pondal): *Na noite estrelecida* (1926)

- o temática mítica e reivindicación nacional → reconstrución idealizada o noso pasado
 - o temas medievais célticos da «materia de Bretaña»: corte rei Artur, busca Graal, cabaleiros Táboa Redonda
- o **Estrutura:** tres sagas (= longos poemas narrativos)
 - o **“A espada Escalibor”** Merlín preséntase na cidade de Caerleón cunha espada que enterra nunha pena (en Sálvora). Comunica ao pobo que aquel que a poida desenterrar ocupará o trono baleiro de Caledonia. Artur é coroado e aclamado rei.
 - o **“O cabaleiro do Sant-Grial”** Artur recibe en soños unha mensaxe de Deus en que lle pide que os cabaleiros vaian na procura do Santo Grial. Galaaz chega a Galiza e acha o Santo Grial no Cebreiro.
 - o **“O sono do rei Artur”** chegada de Galaaz perante o rei Artur para comunicarlle o achado. Este xace no seu leito, malferido após as guerras. Artur despídese de Caledonia e parte nunha barca cara a un lugar de que regresará algún día para salvación e gloria dos pobos célticos (unha fuma).

0 Temática

- A tradición da **materia de Bretaña**

- **nacionalismo europeísta** → Galicia características culturais comúns cos países da Europa Atlántica con raíces celtas

- O **celtismo pondaliano**

- épica dignificadora do noso pasado
- exaltación dos valores culturais galegos,
- orixe celta e os seus mitos → factor determinante da identidade diferenciada de Galicia

- elemento **cristián**: Galaaz “O Esperado” ↔ paralelismo con Xesucristo

- galego → o pobo “por Deus chamado”

0 Obxectivo da obra

- actualización e galeguización da materia de Bretaña
- **mensaxe de defensa da ideoloxía nacionalista**
 - exaltación de Galicia, protagonista do poema

- 0 **obra simbólica** → interpretación ideolóxica e cristiá
 - mitos celtas → identidade diferente de Galicia
 - código de conducta do cabaleiro cristián e do cabaleiro galeguista,
 - atopar o Grial, símbolo da liberación de Galicia (nacionalista → guiará o pobo á liberdade)
- 0 **Aspectos formais**
 - **lingua culta e refinada**
 - inmovilización da acción e predominio da descrición
 - forte presenza de elementos preciosistas: sensacións lumínicas, luxo sensorial e linguaxe moi culta e refinada cunha escolla léxica exquisita
 - **métrica**
 - **alexandrino** (de filiación modernista) con rima pareada → narración e descrições
 - **octosílabo**, máis dinámico → voz personaxes e destacar pasaxes clave
 - heptasílabo (combinado co alexandrino) para a dramática despedida de Artur.

Outras obras de poesía narrativa: *O bendito San Amaro* (1925) narra brevemente a biografía deste santo galego. *Samos* (1958) tamén de carácter descriptivo e léxico, preséntanos a vida comunitaria do

Outras obras de poesía narrativa

O bendito San Amaro (1925) → biografía deste santo galego

Samos (1958) → vida comunitaria do mosteiro

- o carácter descritivo e lírico
- o loa á vida monacal

